Cuarta.- A vista da documentación que obra nos expedientes tramitados en relación coas "Obras de acondicionamento no entorno da fonte de Laxe" o presente expediente de recuperación afecta a D. Raúl Domínguez Conde, en canto actual titular catastral da parcela 7777803NG1977N, lindante do camiño de acceso á fonte e lavadorio de Lores da que parte o material que está a ocupar e a invadir o voo deste camiño.

Por todo iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte proposta de acordo:

1º.- Desestimar as alegacións contidas no escrito de alegacións presentado por D. Raúl Domínguez Conde, con data de rexistro de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Meaño 18-05-2017, nº 2315, por canto os motivos invocados polo interesado para a declaración de nulo de pleno dereito do expediente non se contemplan en ningún dos casos relacionados no artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se regulan os actos nulos de pleno dereito, xa que:



a) O interesado non pode alegar indefensión ao terlle concedido o período de audiencia regulado no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e o Concello de Meaño non terlle denegado os dereitos, que como interesado neste procedemento, lle reconece a legislación vixente e concretamente o dereito a coñecer o estado de tramitación deste expediente, a acceder e a obter copias dos documentos contidos no mesmo senón que foi o interesado quen non os exerceu.

b) Considerase probada a realidade fáctica do uso público xeral deste camiño, a ocupación e invasión do voo deste camiño, que impiden a función e uso normal do mesmo co conseguinte prexuízo para os usuarios e o interés xeral.

2º.- Recuperar, por vía administrativa, o camiño público de acceso á fonte e lavatorio de A Laxe, que foi perturbado por D. Raúl Domínguez Conde, propietario lindeiro do devandito camiño da parcela 7777803NG1977N, da que parte o material que está a ocupar e a invadir o voo deste camiño e impiden a función e uso normal do mesmo co conseguinte prexuízo para os usuarios e o interés xeral.

3º.- Requirit a Raúl Domínguez Conde, propietario lindeiro, para que no prazo de oito días naturais, proceda á retirada dos puntais metálicos situados no camiño de acceso á fonte e lavadoiro de Laxe (Lores), os tubos metálicos que voan sobre o mesmo invadindo o voo deste camiño, así como os restos de postes, cepas e restos de material que ten depositado sobre o mesmo e que impide a función e uso normal do mesmo co conseguinte prexuízo para os usuarios e o interés xeral.

4º.- Advertir ao requirido que, transcorrido devandito prazo o Concello, a través de persoal propio ou alleo, realizará o acto por sí, con todos os gastos a cargo do mesmo.

5º.- Facultar á Sra. alcaldesa para adoptalas medidas legais oportunas para que se leve a debido efecto o acordado e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

Este é o meu parecer que se somete a outro mellor fundado en dereito, non obstante, o Pleno acordará o que estime pertinente.

Meaño, 2 de xuño de 2017 A secretaria-interventora

Asdo. M^a Teresa Escudero Barral"

Remata a Sra. alcaldesa sinalando que se trata de recuperar a posesión do camiño de acceso á fonte e lavadoiro de A Laxe, de dominio público e suxeito a un uso público, que está ocupado con puntais e tubos metálicos así coma con restos de postes, materiais e cepas, que impiden o uso normal do mesmo e rematalas obras de acondicionamento do entorno da fonte de A Laxe, co conseguinte prexuízo para os usuarios e o interese xeral.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Sra. García Fernández, quen sinala que se trata dunha reclamación veciñal e que os datos están ahí polo que o seu grupo apoiará a proposta.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes quen sinala que subscribe o sinalado pola Sra. García Fernández.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros, acorda:



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

1º.- Desestimar as alegacións contidas no escrito de alegacións presentado por D. Raúl Domínguez Conde, con data de rexistro de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Meaño 18-05-2017, nº 2315, por canto os motivos invocados polo interesado para a declaración de nulo de pleno dereito do expediente non se contemplan en ningún dos casos relacionados no artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se regulan os actos nulos de pleno dereito, xa que:

a) O interesado non pode alegar indefensión ao terlle concedido o período de audiencia regulado no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e o Concello de Meaño non terlle denegado os dereitos, que como interesado neste procedemento, lle recoñece a legislación vixente e concretamente o dereito a coñecer o estado de tramitación deste expediente, a acceder e a obter copias dos documentos contidos no mesmo senón que foi o interesado quen non os exerceu.

b) Considerase probada a realidade fáctica do uso público xeral deste camiño, a ocupación e invasión do voo deste camiño, que impiden a función e uso normal do mesmo co conseguinte prexuízo para os usuarios e o interés xeral.

2º.- Recuperar, por vía administrativa, o camiño de dominio público suxeito a un uso público de acceso á fonte e lavatorio de A Laxe, que foi perturbado por D. Raúl Domínguez Conde, propietario lindeiro do devandito camiño da parcela 7777803NG1977N, da que parte o material que está a ocupar e a invadir o voo deste camiño e impiden a función e uso normal do mesmo co conseguinte prexuízo para os usuarios e o interés xeral.

3º.- Requirir a Raúl Domínguez Conde, propietario lindeiro, para que no prazo de oito días naturais, proceda á retirada dos puntais metálicos situados no camiño de acceso á fonte e lavadoiro de Laxe (Lores), os tubos metálicos que voan sobre o mesmo invadindo o voo deste camiño, así como os restos de postes, cepas e restos de material que ten depositado sobre o mesmo e que impide a súa función e uso normal, co conseguinte prexuízo para os usuarios e o interés xeral.

4º.- Advertir ao requirido que, transcorrido devandito prazo o Concello, a través de persoal propio ou alleo, realizará o acto por si, con todos os gastos a cargo do mesmo.

5º.- Facultar á Sra. alcaldesa para adoptalas medidas legais oportunas para que se leve a debido efecto o acordado e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

5º.- DAR CONTA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA A IMPLANTACIÓN DO PROXECTO "SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS".

A Sra. alcaldesa-presidenta maniféstalles aos membros da Corporación que, coa



entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, que regula o dereito da cidadanía a relacionarse coas distintas administracións públicas a través de medios telemáticos, a Deputación Provincial ofertou, de xeito gratuito, aos concellos de menos de 5.000 habitantes a implantación do proxecto “Servizo de administración electrónica para concellos” que permitirá que os concellos dispoñan dunha sede electrónica para relacionarse coa cidadanía e dun portal de tramitación electrónica co correspondente portal de transparencia. A tal efecto a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de decembro de 2016, acordou adherirse a este servizo de administración electrónica e en sesión de data 7 de febreiro a aprobación do correspondente CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA A IMPLANTACIÓN DO PROXECTO “SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS”; do que se da conta.

Engadindo que a empresa adxudicataria iniciou a implantación o día 5 de xuño e está previsto que remate o día 3 de xullo.

O Pleno queda enterado do devandito convenio.

6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra á Sra. García Fernández, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, quen da lectura ao escrito de moción presentado con data de rexistro de entrada 05-06-2017, nº 2632, no que se sinala:

“O PLENO DO CONCELLO DE MEAÑO

O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño a través da súa voceira Icí García Fernández e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN, referida á creación do Portal de Transparencia.**

Según a Exposición de Motivos da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE nº 295, do 10 de decembro do 2013), a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser o eixo principal de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os vecinos poidan coñecer cómo se toman as decisións que lles afectan, cómo se manexan os fondos públicos ou baixo qué criterios actúan as nosas institucións poderemos falar dunha sociedade crítica, esixente e participativa.

No artigo 10 de dita Lei establécese a creación dun Portal de Transparencia que facilite o acceso aos cidadáns da información desta natureza e no artigo 12 complétase que *“todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública, nos termos previstos no artigo 105.b) da Constitución Española, desenvolto por esta Lei”*.

Unha das principais funcións da páxina Web do Concello é transmitirle aos vecinos toda información das decisións que se acorden ou se tomen nos Plenos, que coñezan o destino de cada céntimo de diñeiro público do Concello, así como, mostrarles as novidades sobre as actividades que se desenvolvan no ámbito do Concello, entre outras.

No Concello de Meaño estase a incumprir a citada Lei de Transparencia ao non ter creado o Portal de Transparencia na Páxina web.

Noutros concellos colindantes están cumprindo con esta Lei a distintos niveis. Xa sexa creando o Portal de Transparencia, que é de obrigado cumprimento para os concellos dende o mes de decembro do 2015, ou a través da aplicación dos indicadores promovidos por Transparencia Internacional España, que mide e



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

evalúa anualmente aos concellos.

No Portal de Transparencia deben publicarse, como mínimo, a seguinte información:

1. **Información institucional, organizativa e de planificación:** Sobre o Pleno, Xunta de Goberno, a estrutura organizativa do Concello, datos biográficos, retribucións, declaración de intereses, actividades e bens da Corporación Municipal, mocións presentadas dende decembro do 2015, postos de traballo e procesos de selección.
2. **Información económica, presupuestaria e estadística:** Presupostos, contas anuais, estados financeiros, informes de estabilidade orzamentaria, Licitacións e adjudicacións, Patrimonio Municipal, relación de contratos menores, mesas de contratación, modificacións de contratos, convenios e subvencións.
3. **Información de relevancia xurídica:** Información da Xunta de Goberno Local (con ordes do día e extracto de acordos adoptados), información do pleno, ordenanzas e normativas, reglamentos orgánicos e resolución xudiciais que afecten ao Concello respetando sempre a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de Carácter Persoal.

De acordó con todo o anterior, sométese á consideración do Pleno da Corporación á aprobación seguinte;

1. **CREACION DO PORTAL DE TRANSPARENCIA NA PÁXINA WEB DO CONCELLO DE MEAÑO**

En Meaño, a 5 de xuño do 2017 Asdo: Icíá García Fernández Voceira do PSde G-PSOE"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa, quen da conta da proposta da Alcaldía en relación con esta moción, na que sinala que o Pleno da Corporación, en sesión de data 10 de agosto de 2015, aprobou a solicitude de adhesión ao Acordo Marco de colaboración suscrito entre a Secretaría de Estado de la Administración Pública do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas y la Federación Española de Municipios y Provincias para promover e facilitar o desenvolvemento da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno nas Entidades Locais, adheríndonos ao Portal de Entidades Locais do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas o 14-09-2015. Así mesmo con data 26-01-2016 solicitouse a alta no ESPAZO TRANSPARENCIA DE EIDOLocal.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, que regula o dereito da cidadanía a relacionarse coas distintas administracións públicas a través de medios telemáticos, a Deputación Provincial ofertou, de xeito gratuíto, aos concellos de menos de 5.000 habitantes a implantación do proxecto "Servizo de administración electrónica para concellos" que permitirá que os concellos dispoñan dunha sede electrónica para relacionarse coa cidadanía e dun portal de tramitación electrónica co correspondente portal de transparencia.

A tal efecto a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de decembro de 2016, acordou adherirse a este servizo de administración electrónica e en sesión de data 7 de febreiro a aprobación do correspondente convenio para a implantación do proxecto "Servizo de administración electrónica para concellos", que incluírá un Portal de Transparencia propio do Concello.



No Concello de Meaño, a empresa adxudicataria iniciou a implantación o día 5 de xuño e está previsto que remate o día 3 de xullo. Coa implantación deste servizo tramitaranse as correspondentes ordenanzas reguladoras de transparencia e acceso á información e reutilización e de administración electrónica.

Non obstante o Concello de Meaño a través da súa páxina web facilita a información que se sinala no corpo da moción incluso máis, así:

- Organigrama (Relación de cargos con dedicación e retribucións, delegacións de atribucións do Pleno na Alcaldía e Xunta de Goberno, delegacións de funcións, órganos colexiados) figura no apartado Concello-organización

- Convocatorias do Pleno da Corporación e acta, figuran no aparato Concello-Pleno.

- Presupostos (estados de gastos e ingresos, bases de execución, cadro de investimentos, relación e cadro de persoal, retribucións do persoal ao servizo do Concello e dos membros con dedicación, indemnización por asistencias a órganos colexiados, etc.), Liquidacións e Período Medio de Pago a provedores, figura no apartado Servizos-Economía e Facenda.

- Ordenanzas e Regulamentos, figura na páxina de inicio-Ordenanzas e regulamentos.

- Contratación, figura na páxina inicio-perfil do contratante que está enlazado coa Plataforma de Contratos Públicos de Galicia. Ademais no apartado de anuncios ábrese, cando se inicia un procedemento de contratación, unha carpeta na que van publicando os actos relacionados co mesmo a vez que na plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

- Actos e actividades, figura tanto en axenda e noticias

Polo sinalado, esta Alcaldía considera que non procede a proposta de acordo contida na moción dado que se atopa en fase de implantación, sen prexuízo de que no curso da implantación do servizo de administración electrónica, que incluíra un Portal de Transparencia propio do Concello, se tramiten as correspondentes ordenanzas reguladoras de transparencia e acceso á información e reutilización e de administración electrónica.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Sra. García Fernández, quen subliña a casualidade de que se inicie a implantación da administración electrónica cando este grupo presenta a moción, reiterando esta observación; plantexando diversas cuestións:

- En que momento se lle plantexou á empresa adxudicataria da implantación da administración electrónica a inclusión do portal da transparencia, porque non estaba incluído.
- Estívose escondendo o servizo de rexistro electrónico
- Onde está a transparencia na tramitación da adxudicación da explotación da tasta do muiño de O Ferreiro.
- Aínda que na páxina Web do Concello existe información da actividade do Concello non está toda que esixe a lei de transparencia e acceso á información



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

pública e bo goberno e ademáis está mal estruturada polo que resulta difícil acceder a mesma.

Contesta a Sra. alcaldesa que foi a empresa a que sinalou que entre as funcionalidades desta plataforma de administración electrónica se atopa un portal do perfil do contratante e un portal de transparencia propios do concello.

En canto a licitación da explotación da tasca do muiño O Ferreiro, foi unha convocatoria pública publicada no BOP e as diferentes fases estanse a publicar na páxina web do Concello.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que a administración electrónica é algo que está ahí e que hai que ir avanzando e incorporándose.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con seis votos a favor, dos concelleiros do Grupo Municipal do MI e do PSdeG-PSOE, por sete votos en contra da moción dos concelleiros do Grupo Municipal do PP, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

Desestimar á proposta contida na moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE dado que se atopa en fase de implantación do servizo de administración electrónica, que incluírá un Portal de Transparencia propio do Concello de Meaño.

7º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Aos efectos do control e fiscalización da xestión dos órganos de goberno a que se refire o artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dáse conta ao Pleno das resolucións adoptadas pola Presidencia, no período comprendido entre o día 27 de abril a 12 de xuño de 2017, números 140 a 194, sobre diversas materias:

<u>Nº</u>	<u>Data</u>	
Pagos / Económicas		
143/1088	28/04/2017	Asignación de complemento de produtividade.
147/1096	02/05/2017	Resolución de pago de nóminas do mes de abril.
156/1166	11/05/2017	Resolución de pagos.
159/1199	15/05/2017	Resolución de pago.
170/1305	25/05/2017	Resolución de aprobación de pagos de maio.
173/1318	26/05/2017	Relación de orden e transferencia de pagos de maio.
174/1328	29/05/2017	Aprobación de factura.
177/1341	30/05/2017	Resolución de pagos.
180/1351	01/06/2017	Resolución de pago de nóminas do mes de maio.

Padrón Municipal de Habitantes

140/1083	28/04/2017	Inclusión no P.M.H. de B.D.A.
141/1085	28/04/2017	Inclusión no P.M.H. de O.C.M.
142/1087	28/04/2017	Inclusión no P.M.H. de S.S.S.
148/1101	02/05/2017	Inclusión no P.M.H. de V.K.P.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

155/1144	05/05/2017	Inclusión no P.M.H. de M.P.M.A.
157/1178	11/05/2017	Inclusión no P.M.H. de M.E.P.L. e outro.
158/1181	11/05/2017	Inclusión no P.M.H. de R.S.J.M.
161/1206	12/05/2017	Inclusión no P.M.H. de M.S.Z.
164/1218	12/05/2017	Inclusión no P.M.H. de G.V.A.
168/1279	24/05/2017	Cambio de enderezo dentro do municipio de M.S.S.L.
181/1358	30/05/2017	Inclusión no P.M.H. de M.M. e outros.
182/1359	30/05/2017	Inclusión no P.M.H. de C.B.C.
183/1361	30/05/2017	Cambio de enderezo dentro do municipio de M.A.B.F.
184/1363	01/06/2017	Inclusión no P.M.H. de T.D.C.
185/1365	31/05/2016	Inclusión no P.M.H. de V.G.C. e outro.
187/2017-S-RC-10	07/06/2017	Inclusión no P.M.H. de M.A.T.M. e outro.
188/2017-S-RC-26	08/06/2017	Inclusión no P.M.H. de P.A.A.
189/2017-S-RC-27	08/06/2017	Inclusión no P.M.H. de C.I.J.
190/2017-S-RC-28	08/06/2017	Cambio de enderezo dentro do municipio de L.C.M.D. e outros.
191/2017-S-RC-29	08/06/2017	Cambio de enderezo dentro do municipio de P.D.R. e outro.
192/2017-S-RC-30	08/06/2017	Inclusión no P.M.H. de C.G.O.
193/2017-S-RC-32	08/06/2017	Inclusión no P.M.H. de A.C.C.
194/2017-S-RC-34	08/06/2017	Inclusión no P.M.H. de P.M.A. e outros.

Varios

144/1090	28/04/2017	Contratación de auxiliar de axuda a domicilio e técnico de educación infantil para a Escola Infantil 0 – 3 anos.
145/1091	28/04/2017	Contratación de asesoramento e asistencia xurídica no procedemento xudicial Procedemento ordinario 91/2016.
146/1093	28/04/2017	Contratación do asesoramento e asistencia xurídica no procedemento ordinario 45/2017
149/1112	02/05/2017	Resolución de recurso de reposición interposto por D. R.D.C.
150/1114	02/05/2017	Revocación da Resolución da Alcaldía de data 26/04/2017.
151/1115	02/05/2017	Iniciación de expediente de recuperación posesoria do camiño de acceso a fonte e lavadoiro de A Laxe.
152/1124	05/05/2017	Inicio de expediente de declaración de caducidade de licenza.
153/1135	08/05/2017	Lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, para a contratación laboral temporal dun/dunha auxiliar de Policía Local.
154/1137	08/05/2017	Inscripción no Rexistro Municipal de Asociacións.
160/1204	15/05/2017	Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, para a contratación laboral temporal dun/dunha auxiliar de Policía Local.
162/1207	15/05/2017	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística en execución da sentenza nº306/16.
163/1212	15/05/2017	Incoación de expediente sancionador en materia urbanística en execución da sentenza nº 306/16.
165/1230	16/05/2017	Autorización previa de tirada de fogos o 20 de maio en Padrenda.
166/1233	16/05/2017	Convocatoria da Mesa de contratación para a adjudicación do subministro dunha minipala cargadora con cucharón barredora.
167/1236	18/05/2017	Orde de suspensión de construción de muro de contención, peche e movemento de terras.
169/1285	24/05/2017	Expediente de contratación do servizo de asesoramento técnico en materia de subministro eléctrico.
171/1306	25/05/2017	Reparación de brazo e subministro e instalación de cabezal da desbrozadora con brazo marca ORSI de titularidade municipal.
172/1308	25/05/2017	Solicitud de subvención ao abeiro da Orde do 11 de abril de 2017 da



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

	Consellería de	Política Social.
175/1329	29/05/2017	Adhesión ao programa “Depotermal” para o ano 2017.
176/1330	29/05/2017	Aprobación de certificado de execución e factura.
178/1346	31/05/2017	Nomeamento dos membros das comisións de valoración para a segunda convocatoria de ofertas de emprego do Plan Concellos 2017 – Liña 3 Emprego.
179/1350	31/05/2017	Convocatoria de Mesa de Contratación para a adxudicación da explotación da tasca do muíño denominado o “Ferreiro”.
186/1369	02/06/2017	Convocatoria da mesa de contratación para a adxudicación do subministro dunha minipala cargadora con cucharón barredora.

O Pleno queda enterado das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre o día 28 de abril de 2017 e o día 12 de xuño de 2017.

8º ROGOS E PREGUNTAS.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra aos membros da Corporación para que formulen os seus rogos e preguntata, formulándose as seguintes:

* **García Fernández:**

1. Solicitamos a instalación dun Tablón de Anuncios na rúa da Iglesia en Dena. É a única parroquia que non conta con un tablón nas inmediacións da igrexa.
2. Rogamos que se estudie a construción dun aparcamento para a Ruta dos Muíños.
3. Propoñemos a humanización dos arredores do Centro Médico de Dena, donde se creen zonas axardinadas.
4. Nas últimas semanas houbo pequenos cortes de luz reiterados no tempo. Rogamos que se fale con Fenosa para que traten de reforzar a liña.
5. Solicitamos que lle dean celeridade ás peticións de información que aínda non responderon.
6. Dende a entrada da Polígono de Xil ata a Baiuca non hai luz. Rogamos a subsanación deste problema
7. Cal é a situación actual do Pavellón de Xil?
8. Tan sólo viron un terreo para a instalación da Praza e aparcamento público de Dena? Creen que esa parcela é a máis axeitada?
9. No noso Concello estanse a utilizar Herbicidas na limpeza das cunetas?
10. Xa se sabe qué vai pasar co posto de Asesoría? Vai desaparecer? Vaino ocupar outra persoa? No pleno pasado dixo que se sabría “no seu momento”. Xa é o momento?
11. Nas Resolucións de Alcaldía o día 2 de maio aparece unha “Revocación de Resolución de Alcaldía do 26 de abril”, a qué se refire?
12. Cantas bocas de riego hai no Concello de Meaño? Onde están situadas?
13. Sabemos algo do informe que ten que remitirnos Costas pola concesión da Área Recreativa de Os Pasales?



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Contesta a Sra. alcaldesa:

- En relación co alumeado de Padrenda, que coa última tormenta un raio o avariou, empezaron a arranxalo hoxe.
- En canto ao pavillón de Xil estase a traballar neste expediente coa redacción dun novo proxecto no que se contemple as unidades que non se puideron ter en conta no proxecto inicial ao descoñecer a situación da cimentación, presvisiblemente haberá que resolver o actual contrato e convocar unha nova licitación.
- A ubicación do terreo para a praza e aparcamento en Dena, considerase boa.
- O Concello está a aplicar herbicidas nas cunetas.

Insiste a Sra. García Fernández que se vai a prohibir esta practica e que perigosa para as viñas, as persoas, o medio ambiente...

Contesta a Sra. alcaldesa que si que a prohibición será a partir do 2018.

Pregunta o Sr. Radio Oubiña que medidas se van adoptar entonces, contestando a Sra. alcaldesa que se estudiaran.

- A persoa nomeada como asesora causou baixa con data 24 de abril de 2017 por incompatibilidade co cargo de concelleira que actualmente ostenta.
- En canto a resolución revocada seranlle facilitados os datos.
- En canto ás bocas de rego seranlle facilitados os datos.
- De momento non chegou o informe solicitado.

* Sr. Varela Budelo

1. Vixiar que na execución das obras de urbanización e construción de Abuín se cumbran as aliñacións a o camiño municipal.

2. No camiño en Coirón uns propietarios colocaron unhas columnas de pedra que posteriormente retiraron e agora volveron a colocar un peche no mesmo sitio.

3. Facer as oportunas xestións con Augas para que limpen os ríos Fondo e A Chanca para evitar riadas.

4.- Dotaron á PO303 dun novo asfalto e rego que coa circulación dos vehículos provoca un ruído molesto nas vivendas próximas á estrada.

5.- Xa se comentou no Pleno de abril a necesidade de buscar formas para acadar a ventilación na praza de abastos de Dena.

Puntualiza o Sr. Ásperez Montes que non entende a desidia para afrontar este problema que se coñece e se pasa por alto, engadindo que hai que amosar máis sensibilidade coa necesidade que ten unha instalación municipal.

Contesta a Sra. alcaldesa:

- Que na praza de abastos se vai a colocar unha rexa na porta lateral de entrada de mecadorías e practicar unha ventá na fachada. Non obstante a praza conta con ventilación forzada que funciona automaticamente pero que non está funcionando porque os praceiros din que fai ruído.

- Xa fai uns anos que se lle ven solicitando a Augas a limpeza dos ríos e Augas está a intervir, así o ano pasado limparon o río Fondón en Xil e o río en Dena, pero as limpeza son básicas.

- En canto a este novo asfaltado da PO303, esta estrada é de titularidade da Xunta e é o asfalto que están a empregar diversas administracións e efectivamente fai



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

ruído.

* Sr. Ásperez Montes

1.- Situación do pavillón de Xil: segue igual que no último Pleno?

Contesta a Sra. alcaldesa que o informe á solicitude do Concello de reinvertir as baixas da adxudicación nas obras complementarias de reforzamento da cimentación chegou o día 26 de maio, polo que a vista do mesmo haberá que redactar un novo proxecto, previsiblemente resolver o actual contrato e convocar a licitación de novo.

Insiste o Sr. Ásperez que hai que ir á Deputación puntualizando que naquel momento xa se sabía cal ía ser o informe.

Toma a palabra o Sr. Gondar Pintos quen sinala que unha vez xurdida a necesidade de reforzar a cimentación antes de poder seguir a diante coa obra, o grupo de goberno plantexoulles aos técnicos de Deputación como solución áxil a reinversión da baixa nas obras para reforzar a cimentación e estes mesmos técnicos, que asinan este informe e no que sinalan que si estas obras superan o dez por cento é preciso licitar de novo a obra, no intre que se lles plantexou o viron viable e por eso se plantexou esa solicitude.

Conclúe o Sr. Ásperez Montes que, según o que me están a respostar, queda claro que había máis problemas dos que ata agora viñan contando. Parécenos unha vergoña e unha burla ós veciños a situación desta obra.

2.- Rogaríamos que se faga o posible por parte do Concello para que o servizo de pediatria, e en xeral os centros de saúde do Concello, se vexan reforzados de cara o verán e non máis debilitados do que xa están, e queden dunha maneira estable e duradeira no tempo.

3.- Asistencia a Consellos Escolares: Constatamos que houbo recentemente un Consello no centro IES de Dena. Porque non asistiu a representante do Concello?. Debería ser unha obriga, e dende sempre, asistir a estas reunións.

4.- Algunha nova actuación na redacción do PXOM?

5.- Sobre a ruta da senda dos muíños:

*Insistir en que se debe facer todo o posible en desatascar a situación na que se atopa o Muíño do Crego

*Pedir a máxima axilidade en resolver e aperturar o Muíño do Ferreiro. Como xa dixemos, e quedou evidenciado, a actuación do Concello deixa moito que desexar sobre este enclave emblemático de Meaño

*Situación de abandono e falla de limpeza e mantemento da senda, con silveiras, matorrais, falla de poda que impide pasos, etc. Sendo en algún caso Augas de Galicia que debe autorizar ou executar, imos facer algo dende o Concello?

*As obras executadas carecen o noso entender de gusto, armonía, e non teñen nin manteñen, consonancia algunha co que entendemos debería facerse, e utilizando materiais ben distintos dos que se están a empregar ou remates que case poden



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

considerarse únicos polo ridículos que resultan (coma o desagüe na ponte de Axis).
Haberá algunha modificación ou está rematada a obra?
Por outra banda, para realizar estas obras forón ou son necesarias algunhas autorizacións sectoriais coma de Augas de Galicia ou Patrimonio?, foron solicitadas?

Contesta a Sra. alcaldesa que se dispón da autorización de Augas de Galicia e da Consellería de Cultura consideran os técnicos municipais que non é precisa porque os muíños non se atopan catalogados.

6.- Consultadas Resolucións da Alcaldía, a que corresponden as facturas de:
Sociedad de Prevención Maz do 25/05 por 3.436,56 €
Montajes Eléctricos Salnés de “mantemento alumbrado” do 25/05/17 por 2.801,94 €. Este servizo non o presta o Concello?

Contesta a Sra. alcaldesa que a Sociedad de Prevención Maz ten adxudicada a vixilancia da saúde colectiva e recoñecementos médicos dos traballadores.

A de Montajes Eléctricos Salnés correspóndese a unha revisión e posta a punto de diversos alumeados despois dos fallos que se deron coa última tormenta.

7.-As funcións e tarefas realizadas polos técnicos do Concello, podemos solicitálas? Só no mes de abril deste ano hai facturas da empresa Ceres por case 5.000 €

8.- Campos de fútbol:

*Estado das obras do campo de Meaño?

*Está comunicado a directiva do Xil a decisión de non facer nada no campo do Xil, tal e como xa dixo nun Pleno anterior?

*Campo das Cachizas: Cando se vai a cambiar o céspede?, xa se transmitiu a decisión a nova directiva?

O Unión Dena ascendeu a Primeira Autonómica e é máis coñecido polo penoso estado do seu campo que polos méritos coma clube (case 200 nenos/as na base, numerosas lesións, innumerables queixas,..)

Contesta a Sra. alcaldesa que as obras do campo de fútbol de Meaño xa foron adxudicadas e as obras empezarán neste mes. En canto ao céspede do campo de fútbol de Dena estase a traballar no proxecto e no expediente para realizar este investimento .

9.- Terreos de Dena:

En que punto está a negociación, xa que dende o 05 de abril iniciáronse as negociacións?

Nós imos esperar como transcurrirá este proceso para coméntalo, pero creemos que pode ser un bó parking aínda que como sinala Icíá pode quedar pequeno, pero non unha Praza pública (está o lado da estrada xeral, pouco espazo,...)

11.- Mantense na legalidade das obras de Quintáns (Simes)?

Como xurda a mínima duda pediremos a súa dimisión pola arbitrariedade da súa



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

actuación neste proxecto.

12. Antes de rematar o Pleno quero expoñer que no Pleno anterior me decía de acusala de “Desgovernar”. Hoxe vou recordarlle algún dos motivos que demostran o seu DESGOBERNO:

- 1.-Tardar meses en contestar a preguntas e demandas tanto nosas coma dos veciños.
- 2.- O importe do seu soldo e o custe soportado dunha asesora mentras por exemplo as coidadoras dos nosos maiores non cobran o kilometraxe a pesares de reclamarllo, e nin siquera lles contesta
- 3.-Que xa nos impuxeran sancións por traballadores sen contrato, e varias demandas perdidas cun coste elevado para o noso Concello
- 4.-Que teñamos como escaparete para todo o que pase por Xil o pavillón, despois de ano e medio
- 5.-Que as empresas veñan e vaian e outras levan importantes contratos por vía directa e decisión súa, ignorando sempre as empresas de Meaño
- 6.-Que non reclame a Xunta ese merecido Auditorium, e teñamos que conformarnos con “Pavilloniums e Plazoniums”
- 7.-Que os pavillóns en días de choiva sigan impracticables a pesar do gasto xa realizado
- 8.-Que sexa incapaz de chagar a acordos cos veciños en asuntos de cesións, ou crear problemas coma o do Centro Polivalente ou a festa de San Cristóbal
- 9.-Que teñamos inseguridade nos contratos laboráis dos traballadores, exceso innecesario de probas de acceso, traballadores infrautilizados, exceso de contratación externa, e esté a iniciar procesos de privatización como a axuda no forgar
- 10.-Estado das fontes, camiños e pistas, así coma remates da certas obras (Ponte de Axis, postes nas pistas,...)
- 11.- O abandono nas necesidades dos veciños (usuarios Centro Polivalente, usuarios praza de abastos,..) e en xeral o abandono das parroquias, en especial podemos dicir que Xil (pavillón, limpeza río Picón, ponte Ganón, e retirada de obras previstas coma a compra de terreos ou pista de Vilaxuega,..)

*** Sr. Varela Budelo**

1. Que se reconsidere o terreo de Dena porque é un espacio pequeno e situado ao lado dunha estrada comarcal, polo que considera que non é o idóneo.

E ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e dúas horas e trinta minutos, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e prace da Sra. alcaldesa.



Vº e Prace
A alcaldesa

Asdo. M^{ra} Lourdes Ucha Varela





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

